

ÍNDICE DE CONTIDOS

1. [X Concurso Incubadora de Sondaxes e Experimentos](#)
2. [III Xornada de presentación de Software Libre para uso científico](#)
3. [Summer school Santaló 2020](#)
4. [Summer school on Spatial econometrics with cross section and panel data](#)
5. [V edición do curso de doctorado de Teoría de Xogos da SEIO](#)
6. [V Congreso de Jóvenes Investigadores en Diseño de Experimentos y Bioestadística](#)
7. [Oferta de emprego: contrato de investigación no ITMATI](#)
8. [Oferta de emprego: contrato de investigación como responsable de unidade estatística](#)
9. [Oferta de emprego: contratos de investigación no CITIC](#)

1.- X Concurso Incubadora de Sondaxes e Experimentos

A *Sociedade Galega para a Promoción da Estatística e a Investigación de Operacións* (SGAPEIO) ten aberta a convocatoria do [X Concurso Incubadora de Sondaxes e Experimentos](#), organizado para estudantes de ESO, Bacharelato, FP básica e Ciclos Formativos de Grao Medio no curso 2019-2020. Con esta iniciativa académica preténdese que o estudantado se inicie no campo da Estatística e as súas aplicacións, tan útiles na Sociedade da Información na que vivimos.

Máis información en: <https://sgapeio.es/index.php/formacion-e-actividades/premios-sgapeio/3298-x-concurso-incubadora-de-sondaxes-e-experimentos>

2.- III Xornada de presentación de Software Libre para uso científico

A *III Xornada de presentación de Software Libre* para uso científico terá lugar o próximo 27 de febreiro de 2020, na Aula Magna da Facultade de Matemáticas da USC. O obxectivo principal desta actividade é o de compartir coñecementos e experiencias arredor do Software Libre de uso Científico, e coñecer ferramentas que poidan axudar nas actividades de investigación e desenvolvemento.

Inscrición: <https://xornada.melisa.gal/#formulario>

3.- Summer school Santaló 2020

A escola de verano Santaló 2020 celebrarase do 13 ó 17 de xullo en Santander. O tema é a distribución de puntos en conxuntos, con énfase na distribución de puntos aleatorios mediante procesos determinantaes.

Máis información en: <https://www.ub.edu/santalo20/>

4.- Summer school on Spatial econometrics with cross section and panel data

A *20th Advanced Summer School in Economics & Econometrics* celebrarase do 2 ó 9 de agosto de 2020 na Universidade de Creta. Centrarase nas novidades en "*Spatial econometrics with cross section and panel data*".

Máis información en: <https://economics.soc.uoc.gr/en>

5.- V edición do curso de doctorado de Teoría de Xogos da SEIO

A *Universitat de Barcelona*, o instituto de investigación *BEAT* e o grupo de investigación *Game Theory and Assignment Markets* organizan a V edición do curso de doctorado do grupo de Teoría de Xogos da SEIO.

Está orientado a estudantes de doutoramento e doutores novos que traballen na área.

Persoa de contacto: Mikel Álvarez Mozos (mikel.alvarez@ub.edu)

6.- V Congreso de Jóvenes Investigadores en Diseño de Experimentos y Bioestadística

O V Congreso de Jóvenes Investigadores en Diseño de Experimentos y Bioestadística celebrarase o 18 e 19 de xuño de 2020 en Almería. Este congreso forma parte das actividades do Grupo de Traballo *Diseño de Experimentos* da SEIO, coa finalidade de favorecer o intercambio de coñecementos e experiencias entre investigadores, nas áreas de deseño experimental e Bioestadística.

Máis información en: <http://www2.ual.es/jede2020/Comit%C3%A9>

7.- Oferta de emprego: contrato de investigación no ITMATI

O Instituto Tecnolóxico de Matemática Industria (ITMATI) convoca un posto como investigador no marco do proxecto “*Modelización y Optimización de redes de transporte de Gas*” entre ITMATI e unha empresa do sector da enerxía.

Máis información en: <http://www.itmati.com/oferta-de-empleo-itmati-ot-022020-1-contrato-como-investigadora-para-el-proyecto-de-investigaci%C3%B3n-en>

8.- Oferta de emprego: contrato de investigación como responsable de unidade estatística

O Departamento de Investigación Clínica da Fundación Teófilo Hernando ofrece un contrato posdoutoral por obra e servizo na Fundación Teófilo Hernando (www.iftth.es) como responsable da unidade de estadística.

Máis información en:
https://mcyt.educa.madrid.org/empleo/inscripcionDemandaProfesional/mostrar_oferta.asp?codigo=35121

9.- Oferta de emprego: contratos de investigación no CITIC

O CITIC (<https://www.citic-research.org/>), centro de investigación do SUG, publicou o 6 de febreiro diversas convocatorias de emprego:

- 2 contratados posdoutorais. Máis información en: https://sede.udc.gal/services/electronic_board/EXP2020/000520
- 7 contratados predoutorais. Máis información en: https://sede.udc.gal/services/electronic_board/EXP2020/000523
- 7 contratados a tempo parcial de inicio de investigación para estudantes de máster. Máis información en: https://sede.udc.gal/services/electronic_board/EXP2020/000521.

O prazo para presentarse a estas convocatorias é de 15 días hábiles a partir da data de publicación.